

## Agroecoloxía e saúde

SOURCE: MARÍA ROSA MOSQUERA LOSADA (2023). Nós Diario <https://www.nosdiario.gal/articulo/economia/agroecoloxia-saude/20230419204514166808.html>

*Universidade de Santiago de Compostela*

### O Pacto Verde Europeo e os seus Obxectivos para a Agricultura

O Pacto Verde Europeo busca impulsar unha transición ecolóxica que leve a unha sociedade máis equitativa e próspera, cunha economía moderna e competitiva. Para lograr isto, establécense unha serie de obxectivos concretos, destacando a redución do 50% no uso e risco de pesticidas de síntese química, a diminución do 30% no emprego de fertilizantes, e que polo menos o 25% da superficie agraria europea sexa xestionada de forma ecolóxica. Todos estes obxectivos teñen como data límite o ano 2030.

A xestión sustentable do territorio é unha necesidade imperante que afecta tanto aos ecosistemas como a todo o sistema agroalimentario, tal e como se subliña na estratexia europea "da granxa á mesa". Nos últimos anos, o uso masivo de biocidas (herbicidas, pesticidas e praguicidas) e fertilizantes está a causar enormes problemas ambientais e de saúde en hábitats, animais e na poboación humana. Un exemplo disto é a relación atopada nalgúns estudos entre o uso de glifosato e o cancro de mama.

### O Papel da Sociedade na Transición Ecolóxica

As administracións públicas propoñen solucións para minimizar o uso de fertilizantes e herbicidas, pero a miúdo estas non teñen en conta as persoas que os empregan. A falta de información e consenso na co-creación destas solucións fai que moitas das medidas promovidas pola administración non sexan adoptadas por gandeiros, agricultores ou forestais, dificultando a tan necesaria transición ecolóxica. Ante esta situación, xorde a pregunta: que podemos facer nós, como sociedade, para modificar ou cambiar as pautas de produción intensiva predominantes na maior parte das rexións europeas?



A adopción de medidas por parte da sociedade debe comezar polo recoñecemento inicial da problemática existente. A visibilización dos retos a superar pasa pola veracidade da información, baseada en datos científicos, e unha comunicación efectiva desta información aos xestores do territorio e á sociedade, que é quen sofre esta mala xestión.

Nos últimos anos estamos a constatar movementos sociais que van nese sentido, como o movemento asociado á agroecoloxía. Nel, a poboación, consciente dos riscos ambientais e sociais xerados polo uso excesivo de fertilizantes e biocidas, decide, como último elo da cadea alimentaria, modificar estas pautas. Para iso, empregan a maior ferramenta da que dispoñen: a compra de produtos. Este movemento fomenta a compra de produtos de proximidade, baseados en prácticas tradicionais como a rotación de cultivos en lugar de herbicidas, o uso de abonos verdes e fertilizantes orgánicos en lugar de minerais, ou prácticas que preservan a biodiversidade, como o emprego de especies leñosas.

Sen embargo, o poder dos consumidores moitas veces non é suficiente para fomentar a transición agroecolóxica na xestión dos terreos agrícolas. O fomento de sistemas de mercado adecuados e a provisión de infraestruturas son piares básicos para que esta transición ocorra. Exemplos diso son o emprego destes produtos en organismos públicos como colexios ou hospitais, o que xeraría un mercado que permitiría aos produtores realizar esta transición de forma rendible. Tamén é fundamental o desenvolvemento dunha extensión agraria que se encargue non só de formar, senón tamén de resolver problemas asociados á implementación de técnicas tradicionais que son novas para o sector primario na actualidade.

**AF4EU impulsa a agroforestría en Europa mediante a promoción de boas prácticas, o desenvolvemento de ferramentas dixitais e o apoio aos agricultores na**

**Máis información!**



[www.af4eu.eu](http://www.af4eu.eu)



responsables deles.

Este proxecto recibiu financiamento do programa de investigación e innovación Horizon Europe da Unión Europea baixo o acordo de subvención nº GA 101086563. As opinións e puntos de vista expresados son, con todo, exclusivamente dos autores e non reflicten necesariamente os da Unión Europea. Nin a Unión Europea nin a autoridade que concede a subvención poden ser considerados